



MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE SERVIZOS NO RURAL

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante varios anos levamos escoitando por parte do Partido Popular de Galicia e da propia Xunta que esta se perfilaba coma a lexislatura no rural, mais, por desgraza, e pese a que a lexislatura está a piques de rematar, este compromiso non se viu materializado.

Temos a firme idea de que unha sociedade que avanza e progresa non pode deixar de lado o seu medio rural e os seus habitantes, pese ás dificultades e ós retos que a nosa particular situación nos ocasiona, coma, por exemplo, o atroz despoboamento que sufrimos. Entendemos que non podemos cruzarnos de brazos e resignarnos ante unha circunstancia que se volve a pescadilla que morde a súa a súa propia cola: dado que non hai poboación , non invertimos no rural, pero visto doutro xeito , dado que non se invirte e non se procuran, se melloran e se proporcionan servizos dignos, a poboación tampouco se fixará e a pouca que resiste acabará abandonando este medio carente de comodidades para os nosos novos .

Preocupados por esta problemática e ante o desolador futuro que se presenta neste eido , os socialistas de Chantada presentabamos diferentes medidas no noso programa electoral para tentar paliar a situación e, do mesmo xeito, recoller moitas das reivindicacións que os veciños nos facían chegar. Parece incomprensible que en pleno ano 2020 a meirande parte dos núcleos rurais do noso concello permanezan sen rede de saneamento e sen traídas de auga , vénzose obligados a abastecerse da auga de pozos particulares durante épocas de seca cada vez más recurrentes e longas. Outra das preocupacións que os poucos mozos e mozas que hoxe viven no noso rural nos comunican é a falta de accesos dignos a internet e mesmo a cobertura móvil . No mundo no que vivimos , a falta dun servizo coma este condiciona de xeito determinante o futuro de quenes se plantexan asentarse, investir e desenvolver calquera tipo de actividade nas nosas parroquias.

Sobre este último aspecto, aplaudimos a iniciativa e o convenio asinado entre AMTEGA (axencia pública dependente da Xunta de Galicia) e a FEGAMP o pasado mes de decembro co propósito de mellorar a cobertura de comunicacíons móbiles no rural e consideramos que o noso Concello debe adherirse a tal convenio e non desaproveite a oportunidade, coma xa ten pasado con outros temas.

Ademais , destacamos outras ambiciosas iniciativas, coma as levadas a cabo no concello de Sober, gobernado pola mesma cor política que o de Chantada, e que se

dispón a dotar de fibra óptica todas as súas parroquias no presente ano. Así apareceu recollido nos medios de comunicación o pasado 28 de decembro de 2019 , no que se comunica que a instalación desta infraestructura levarase a cabo dentro dun programa de extensión de banda ancha de nova xeración na que colaboran a Xunta e o Goberno Central. Non se poden negar as posibilidades que este feito abre nese concello e que tamén faría no noso, constituíndo un abano de melloras no eido turístico, poboacional e, polo tanto, económico. Non queremos ocultar a sana envexa que nos ocasiona coñecer iniciativas de esta índole, e cremos que o noso concello, co noso potencial, cos nosos recursos, cos nosos habitantes e cun alcalde que agora comparte as mesmas cores políticas que o de Sober, non deberá quedarse atrás.

Dende o PSdG-PSOE de Chantada somos conscientes de que dotar destes servizos a todos os nosos núcleos rurais leva tempo e debe facerse de xeito paulatino. Por iso pensamos que os acordos que plantexamos nesta moción son alcalzables e realistas e apoialos e levalos a cabo é factible e demostraría que podemos comenzar a dar os pasos dirixidos a un único obxectivo, estamos certos que, común e desexable por todos .

Por todo o anteriormente exposto, proponese ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1) Crear unha Comisión de estudio dos núcleos rurais do Concello de Chantada para evaluar as necesidades más extremas para levar a cabo obras de redes de saneamento e traídas de auga.
- 2) Reflexar nos orzamentos algúns destas obras, segundo as conclusións obtidas en dita Comisión.
- 3) Adhesión do Concello de Chantada ó convenio asinado entre AMTEGA e a FEGAMP para a mellora de cobertura de comunicacíons móbiles no medio rural.
- 4) Comunicar á Xunta de Galicia e ó Goberno de España a necesidade de dotar de comunicacíons de fibra óptica ás parroquias do Concello de Chantada.

Chantada, 14 de xaneiro de 2020,



Asdo. Raquel López Rodríguez
Voceira do Grupo Municipal Socialista
Concello de Chantada